
Orzamentos Xunta de Galiza 2019



Confederación Intersindical Galega

www.galizacig.gal

ORZAMENTOS XUNTA GALICIA – 2019

Nos orzamentos defínese a política económica da Xunta de Galicia, converténdose, na práctica, na única ferramenta de política económica da que dispón o Goberno galego para virar a marcha da economía, pular pola creación forte de emprego, frear a emigración...

Porén, no Proxecto de Orzamentos para 2019 non se enxergan medidas que permitan impulsar a economía do país e saír desta zona de abatemento na que levamos instalados desde que pasaron os peores anos da crise en canto a destrución de emprego e desaceleración económica. Trátase duns orzamentos “caseiros”, onde diminuír o déficit público se converte na prioridade principal, o cal conduce a un escenario de desaceleración económica. Menor crecemento do emprego que nas saídas doutras crises, con desaceleración prevista para este ano, segundo as previsións do propio Goberno. Así o amosa o cadro macroeconómico que serve de base para a presentación destes orzamentos.

Cadro macroeconómico.

	2018	2019
Gasto en consumo final	2,1	2
Consumo fogares	2,2	2,1
Consumo AAPP	1,9	1,8
Formación bruta de capital	6,6	3,4
Achega demanda interna	2,7	2,2
Exportacións	5,5	4,5
Importacións	5,9	4,3
Achega sector exterior		
Produto Interior Bruto	2,8	2,5
Emprego	1,7	1,4
Taxa de paro	14,1	12,7

Fonte: Proxecto de Orzamentos 2019. Xunta de Galicia.

Estímase que o PIB vai medrar un 2,5% no ano 2019, cando se espera que remate o ano 2018 cun aumento do 2,8%; polo tanto, unha desaceleración de 3 décimas. Este menor crecemento vén determinado pola menor contribución da demanda interna ao PIB. No ano 2018 proporciona un 2,7%, mentres que no ano 2019 espérase que a achega sexa dun 2,2%, medio punto menos. Esta menor achega, explícase pola forte ralentización da formación bruta de capital, xa que pasa dun medre do 6,6% no ano 2018 a un 3,4% en 2019, reducíndose practicamente á metade. O consumo apenas diminúe nunha décima.

Pola contra, a achega do sector exterior aumenta, dunha décima en 2018 a 3 décimas na previsión para 2019.

Esta desaceleración do PIB incide directamente na creación de emprego, que tamén se desacelera. Para 2019 estímase que o número de empregos equivalentes a tempo completa aumente un 1,4%, cando ano no 2018 a previsión é dun medre do 1,7%, 3 décimas menos, polo tanto.

Con todo, estímase unha redución importante na taxa de paro (do 14,% á 12,7%). Sen dúbida, nisto inflúe en maior medida a perda de poboación activa que o medre da ocupación, xa que como vemos o medre da ocupación é sensibelmente inferior.

No proxecto orzamentario asúmese a desaceleración económica, o medre das desigualdades, o despoboamento, etc., como algo inevitábel, senón non se explican os orzamentos para o ano 2019.

A previsión de gasto alcanza os 11.544,3 millóns de euros (un 7,6% superior ao do ano 2018), dos cales son en operacións non financeiras 9.849,8 millóns (un 3,8% superior ao do ano anterior).

As operacións correntes ofrecen un saldo positivo de 918 millóns, pero o saldo de operacións de capital é negativo por valor de 973,8 millóns, do que se deduce unha necesidade de financiamento de 94,8 millóns.

Ante esta situación a Xunta endebedase por valor de 1.768,3 millóns (un 27% máis que no ano anterior), dos cales 1.530,5 se destinan a amortizar débeda (un 42,3% máis que en 2018), polo que o endebedamento neto da Xunta medra en 237,8 millóns.

Os restantes ingresos proceden maioritariamente de operacións correntes:

Orzamento consolidado de ingresos. Distribución económica.

Capítulos	2018	2019	Variación	
			Importe	%
I. Impostos directos	2.275,28	2.431,25	155,97	6,9
II. Impostos indirectos	3.456,20	3.450,72	- 5,48	-0,2
III. Taxas, prezos e outros ingresos	168,55	177,51	8,96	5,3
IV. Transferencias correntes	2.815,55	3.008,29	192,74	6,8
V. Ingresos patrimoniais	8,39	8,68	0,29	3,5
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	8.723,97	9.076,45	352,48	4,0
VI. Alleamento de investimentos reais	10,65	7,34	- 3,31	-31,1
VII Transferencias de capital	559,46	671,16	111,70	20,0
T. INGRESOS NON FINANCEIROS	9.293,93	9.754,98	461,05	5,0
VIII. Activos financeiros	42,90	20,97	- 21,93	-51,1
IX. Pasivos financeiros	1.387,06	1.768,39	381,33	27,5
TOTAL INGRESOS FINANCEIROS	1.430,04	1.789,36	359,32	25,1
TOTAL INGRESOS	10.723,97	11.544,35	820,38	7,6

Fonte: Proxecto de Orzamentos 2019. Xunta de Galicia.

Dentro dos ingresos por operacións correntes, o maior peso corresponde aos ingresos procedentes de impostos indirectos, 3.450,7 millóns de euros, un

0,2% menos que no ano 2018. Dentro deste capítulo, o IVE é o que ten unha maior contribución, e é o que explica a redución prevista para o ano 2019, debido á implantación do novo Sistema de Subministración Inmediata de Información (SII) no ano 2017, que levou a desaxustes nas liquidacións de exercicios anteriores do IVE, o que segundo a Xunta explican esta redución, xa que o importe comunicado como entrega a conta do exercicio 2019 é superior ao ingresado no exercicio anterior nun 3,1%.

No que atinxe aos impostos directos, o de maior peso corresponde á tarifa autonómica do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF), para o cal se estima un crecemento do 6,4%. En termos relativos o maior medre espérase no imposto sobre o patrimonio.

Por transferencias correntes prevese ingresar 3.008,2 millóns no ano 2019, un 6,9% máis que no ano 2018. O 95% das transferencias proceden do Estado e dos organismos autónomos; o resto, da Unión Europea.

Xa nas operacións financeiras, é a débeda pública a máis salientábe. Para o ano 2019 espérase un novo endebedamento por valor de 1.768 millóns de euros, un 27,5% máis que no ano 2018. Como non todo o novo endebedamento se vai destinar a amortizar débeda (apenas 1.530 millóns), a débeda viva de Galiza vai medrar en torno aos 238 millóns, polo que pode andar polos 12.000 millóns de euros ao rematar o ano 2019.

O destino destes ingresos por capítulos é como segue:

Orzamento consolidado de gastos. Distribución económica.

Capítulo	2018	2019	Variación	
			Importe	%
I. Gastos de persoal	3.726,26	3.889,28	163,02	4,4
II. Gastos en bens correntes e de servizos	1.724,23	1.783,32	59,09	3,4
III. Gastos financeiros	169,72	165,41	- 4,31	-2,5
IV. Transferencias correntes	2.222,06	2.320,41	98,35	4,4
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	7.842,27	8.158,42	316,15	4,0
V. Fondo de continxencia	39,04	39,04	-	0,0
VI. Investimentos reais	881,48	911,41	29,93	3,4
VII. Transferencias de capital	688,32	740,90	52,58	7,6
OPERACIÓNS DE CAPITAL	1.569,81	1.652,32	82,51	5,3
T. GASTOS NON FINANCEIROS	9.487,13	9.849,80	362,67	3,8
VIII. Activos financeiros	161,08	164,01	2,93	1,8
IX. Pasivos financeiros	1.075,75	1.530,53	454,78	42,3
TOTAL GASTOS FINANCEIROS	1.236,84	1.694,54	457,70	37,0
Total Xunta	10.723,97	11.544,35	820,38	7,6

Fonte: Proxecto de Orzamentos 2019. Xunta de Galicia.

O capítulo I (Gastos de persoal) absorbe a partida máis grande do orzamento, cunha estimación para 2019 do 33,7%, un 3,4% máis que no ano 2018.

Este medre, segundo explica o Goberno na memoria que acompaña os orzamentos, débese en parte ao medre das retribucións dos empregados e empregadas públicos, así como o incremento do número de persoas a cargo da administración.

As transferencias correntes (capítulo IV) son o segundo capítulo con maior gasto previsto. Nel inclúense todas as transferencias a familias, institucións, etc., para gastos correntes, como prestación á dependencia, RISGA, transferencias a empresas para a mellora do emprego... Dada a importancia deste capítulo, imos analízalo máis detidamente nos gastos por funcións.

Ao investimento público -a través dos capítulos VI e VII- en conxunto pretenden destinar 1.652 millóns de euros, o 14,3% do orzamento e un 5,3% máis que no ano 2018. A pesar de que medra máis o capítulo de transferencia de capital (o que a Xunta transfere a outras empresas para investimento de capital), é maior o peso do investimento público directo, 7,9% fronte ao 6,4% do orzamento.

Como xa se dixo anteriormente, o pago de débeda capta o 13,3% do orzamento, un 42,3% máis que no ano 2018. Se ao pago da débeda engadimos os gastos financeiros que xera (165,4 millóns), preto do 15% do orzamento se destina a estes fins.

A distribución do gasto por funcións dános outra perspectiva dos orzamentos.

Distribución por funcións. Datos en miles.

	2018	2019	Variación	
			Importe	%
Grupos de función				
1. Servizos de carácter xeral	282,0	289,4	7,4	2,6
Alta dirección da CA	37,1	38,2	1,1	3,0
Administración xeral	75,3	67,3	- 8,0	-10,6
Xustiza	146,1	158,6	12,5	8,6
Administración local	13,8	15,1	1,3	9,4
Normalización lingüística	7,6	8,0	0,4	5,3
Procesos electorais e órganos de representación política	2,0	2,0	-	0,0
2. Protección civil e seguridade cidadá	24,9	29,6	4,7	18,9
Protección civil e seguridade	24,9	29,6	4,7	18,9
3. Protección e promoción social	978,1	1.042,7	64,6	6,6
Acción social e promoción social	727,2	774,4	47,2	6,5
Promoción do emprego e inst. do merc de traballo	245,8	262,6	16,8	6,8
Cooperación exterior	5,0	5,6	0,6	12,0
4.- Prod. de bens públ. de carácter social	6.404,8	6.628,5	223,7	3,5
Sanidade	3.858,8	3.985,4	126,6	3,3
Educación	2.280,6	2.360,1	79,5	3,5
Cultura	69,0	72,1	3,1	4,5

Deportes	21,9	24,2	2,3	10,5
Vivenda	69,0	77,8	8,8	12,8
Outros servizos comunitarios e sociais	105,2	108,6	3,4	3,2
5.- Prod. de bens públicos de carácter ec.	911,5	932,7	21,2	2,3
Infraestruturas	340,7	357,8	17,1	5,0
Ordenación do territorio	19,1	15,7	- 3,4	-17,8
Promoción de solo para actividades econ.	23,9	17,8	- 6,1	-25,5
Actuacións ambientais	124,7	118,9	- 5,8	-4,7
Actuacións e valorización do medio rural	137,4	144,3	6,9	5,0
Investigación, desenvolvemento e innovación	158,2	180,0	21,8	13,8
Sociedade da información e do coñecemento	102,6	93,3	- 9,3	-9,1
Información estatística básica	4,4	4,4	-	0,0
6.-Regulación económica de carácter xeral	86,7	92,1	5,4	6,2
Actuacións económicas xerais	31,4	32,4	1,0	3,2
Actividades financeiras	55,3	59,7	4,4	8,0
7.-Reg. económica de sectores prod. E desen. empresarial	683,0	719,5	36,5	5,3
Dinamización económica do medio rural	311,5	323,8	12,3	3,9
Pesca	99,3	102,8	3,5	3,5
Industria, enerxía e minería	46,5	52,8	6,3	13,5
Desenvolvemento empresarial	149,2	159,9	10,7	7,2
Comercio	18,2	15,8	- 2,4	-13,2
Turismo	58,1	64,1	6,0	10,3
8.-Transferencias a entidades locais	130,4	133,6	3,2	2,5
Transferencias a entidades locais	130,4	133,6	3,2	2,5
9.-Débeda pública	1.222,1	1.675,9	453,8	37,1
Débeda pública	1.222,1	1.675,9	453,8	37,1
TOTAL	10.723,9	11.544,3	820,4	7,7

Fonte: Proxecto de Orzamentos 2019. Xunta de Galicia.

Tanto en termos absolutos como relativos, o gasto que máis medra é o derivado da débeda pública. Así, entre amortizar débeda máis o gasto financeiro disto, absorben en torno ao 15% do orzamento, soamente superado polas funcións de sanidade e educación. Máis do 50% do medre do orzamento para este ano 2019 absórbeo este grupo funcional.

A produción de bens públicos de carácter social (grupo 4) é o grupo funcional con maior orzamento. Para o ano 2019 hai previsto un gasto de 6.628,5 millóns de euros, o 59,7% do total do orzamento e un 3,5% máis que no ano 2018, menos da metade do que medra o orzamento globalmente. Agrupa funcións tan importantes como sanidade, educación, vivenda, etc. As dúas primeiras con medres do 3,3% e 3,5% respectivamente.

O orzamento de sanidade é lixeiramente superior ao do ano 2010. No caso de educación, aínda estamos en valores inferiores a esta data.

A falta de fondos en sanidade é perceptible en varios indicadores do sistema sanitario: elevadas listas de agarda, medicamentos fóra do sistema... Non debemos esquecer que a poboación galega está cada vez máis avellentada e, polo tanto, con maiores necesidades sanitarias, o que contrasta coa evolución dos fondos destinados a esta por parte da administración pública.

O grupo 3 (Protección e promoción social) engloba funcións cun marcado carácter social. Neste caso, ao contrario que no grupo 4, non son de produción propia, senón que se trata de transferencias correntes. Englóbanse neste apartado desde os fondos destinados á dependencia, RISGA, axudas á mellora do emprego, violencia de xénero, etc. Imos analizar algunha delas con maior detemento.

A acción social e promoción social destínanse 774,4 millóns de euros, un 6,5% máis que nos orzamentos de 2018. En termos cuantitativos o programa de atención á dependencia é o que absorbe a maioría dos fondos, concretamente o 49,3%, xa que a previsión de gasto para o ano 2019 é de 382,8 millóns, un 3,8% máis que no ano anterior. Este medre é inferior ao aumento do gasto total, a pesar de ser unha das partidas máis prexudicadas nestes últimos anos e de ter un número importante de persoas en “lista de espera”, o coñecido como limbo da dependencia (son persoas co dereito a percibir unha prestación recoñecido pero que non a están percibindo), claro exemplo de que os fondos non son suficientes para atender as necesidades existentes.

A RISGA tamén se encadra nesta partida orzamentaria. A ela está previsto destinar 64 millóns de euros no ano 2019. Un 3,2% máis que no ano 2018.

Outro grupo de programas enmarcados nesta partida son os que teñen que ver co muller e a violencia de xénero. Oara o ano 2019 está previsto un medre importante no programa de protección e apoio ás mulleres que sofren violencia de xénero, xa que pasa dos 5,4 millóns orzamentados para 2018 a 14,1 para 2019. Como novidades, aparecen dous programas: actuacións integrais para vítimas de violencia de xénero (2,5 millóns) e programa de apoio a vítimas de violencia de xénero, con 2,6 millóns de gasto previstos.

Porén, o programa de apoio á conciliación só aumenta de 1,2 a 1,6 millóns e o de accións para a igualdade de 7,2 a 7,3 millóns.

No que atinxe á promoción do emprego, está previsto un gasto de 262,6 millóns de euros , un 6,8% máis que no ano 2018. A evolución dos distintos programas dentro do grupo de promoción do emprego é como segue:

Principais programas de promoción do emprego.

	2017	2018	2019
Mellora e fomento da empregabilidade	43,4	45	50,6
Promoción do emprego autónomo	77,3	81,3	71
Formación profesional desempregados	80,4	76,3	86,7

Mellora da cualificación do emprego	11,2	14,4	7,6
Mellora da org. E adm. Das relacións laborais e prevención	17	17,6	19,2
Promoción da economía social	5,4	4,1	20,2

Fonte: Proxecto de Orzamentos 2019. Xunta de Galicia.

Para o ano 2019 prevese un medre do subgrupo funcional de promoción do emprego dun 6,8%, 16 millóns de euros máis que no ano 2018. Realmente o programa que modifica este grupo funcional no ano 2019 é o de promoción da economía social, que pasa de 4 a 20 millóns de euros, os 16 millóns nos que medra o programa neste ano. Nos últimos anos a Xunta apostaba polo emprego autónomo; desde o ano 2015, en que comezou a incrementar o destinado a este grupo, foi o programa que absorbeu a meirande parte do medre (de 37,8 millóns en 2015 a 81,3 no 2018). Para 2019, en cambio, descende, e é a economía social a aposta do goberno da Xunta, que como dixemos antes absorbe o medre do grupo.

Sexa traballo autónomo ou economía social, o que si é claro que a Xunta apostou polo autoemprego nos últimos anos, deixando o emprego asalariado nun segundo plano. Para 2019 medra en 5 millóns a partida destinada a fomento da empregabilidade, e no que atinxe a formación, descende o destinado a formación de persoas ocupadas para destinar a mesma cantidade á formación de desempregados e desempregadas.

Desacelérase a creación de emprego e persisten as desigualdades sociais e a pobreza, indicio máis que suficiente de que o medre do PIB non está chegando ás persoas, feito que todo indica vai persistir, xa que na previsión de orzamentos para o ano 2019 non se perciben cambios que permitan virar esta tendencia, máis ben ao contrario.